

Samsung M300V



9€ + 500 Puntos



ep europa press  
www.europapress.es

Jueves, 28 de febrero 2008

En esta sección  Bu

- NACIONAL
- INTERNACIONAL
- ECONOMÍA
- epsocial
- DEPORTES
- GENTE
- CULTURA
- SALUD
- INNOVACIÓN
- LENGUAS

# Galego

Innova - En Castellano: Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra

## O Consorcio de Santiago publica unha edición bilingüe de 'Versos a Compostela', de Rosalía de Castro

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 25 Feb. (EUROPA PRESS) -

O Consorcio de Santiago e Alvarellos Editora publican unha edición bilingüe de 'Versos a Compostela', de Rosalía de Castro, en colaboración coa Fundación que leva o nome da autora galega. Esta nova publicación será presentada o mércores, 27 de febreiro, e serve para conmemorar a celebración do nacemento da escritora en Santiago, o 24 de febreiro de 1837, hai 171 anos.

Coa publicación deste libro, o Consorcio de Santiago incorpora dentro da súa Biblioteca Literaria unha antoloxía que reúne por vez primeira os poemas desta autora nos que a cidade do Apóstolo se converte nun referente lírico e vital dentro da súa propia obra.

'Versos a Compostela' representa un paso máis no proceso de recuperación literaria que o programa de publicacións do organismo interadministrativo pretende --neste caso en colaboración con Alvarellos Editora-- canalizar aquelas propostas innovadoras que contribúen a desenvolver o especial protagonismo da capital galega dentro da cultura galega.

Nas páxinas deste libro, os lectores poden percibir a emoción que a cidade de Santiago exerce sobre Rosalía, a mesma cidade que a veu nacer un 24 de febreiro de 1837, hai exactamente 171 anos. A antoloxía, que está ao coidado de Helena Villar Janeiro, estrutúrase en dúas partes: a primeira, "Igrexas e Campás" recolle unha serie de poemas que teñen a Santiago como referencia directa, mentres a segunda, "Compostela Río Arriba, abrangue a cidade como "marco máis distante" ou, como di tamén na introdución Xesús Rábade Paredes, "como simple contraste da vida abundante fronte a paisaxes rurais máis deprimidas".

Todos os textos seleccionados nesta antoloxía pertencen a 'Follas Novas' (1880), salvo o poema longo de Santa Escolástica de 'As beiras do Sar' (1884), no que Rosalía ofrece un percorrido lírico pola xeografía pétreo de Compostela.

### Posgrado en Dirección

Posgrado en Dirección Estratégica y Función Directiva. [www.uoc.edu/PDG](http://www.uoc.edu/PDG)

Anuncios Google



Suscríbete a

- Google
- MY Yahoo
- netvix

Titulares e

Más Noticias